

COORDINACIÓN DOCENTE TÍTULO DE GRAO EN ENFERMARÍA ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA


A adhesión ao Espazo Europeo de Educación Superior e o cambio de paradigma no proceso de ensino aprendizaxe, supuxeron pasar do individualismo na docencia a considerar esta como unha responsabilidade compartida, centrada na aprendizaxe e no desenvolvemento de competencias do estudiante. Este novo paradigma obrigou a un cambio metodolóxico orientado aos resultados a alcanzar polo estudiantado durante o proceso de ensino-aprendizaxe.

As competencias descritas na Memoria do Título de Graduada/o en Enfermaría pola UDC, refírense ao que o estudiante deberá saber, comprender e ser capaz de facer como resultado do seu proceso aprendizaxe para a obtención do título. Así mesmo, os resultados de aprendizaxe dunha materia identifican a contribución específica dessa materia ao resultado final.

A adquisición de competencias dependerá, en gran medida, do traballo conxunto e da coordinación do profesorado implicado nas materias que componen o título.

Entendemos a coordinación como un mecanismo de harmonización para o desenvolvemento dunha docencia de calidade, pois permite traballar conxuntamente a adquisición de competencias e a súa organización segundo o nivel de complexidade; analizar e avaliar os contidos dos programas, as actividades formativas e os métodos de avaliação.

Atendendo as características estruturais e organizativas desta Escola establecese a organización que se describe a continuación.



Organogramma e figuras de coordinación docente da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña

FUNCIONS DE RESPONSABLE DE TITULACIÓN

1. Coordinar o desenvolvemento do Título
2. Valorar a relación entre os resultados de aprendizaxe, as actividades formativas e os métodos de avaliación.
3. Validar as guías docentes das materias
4. Coordinar as necesidades de formación do profesorado da Titulación.
5. Trasladar as propostas de mellora ao equipo directivo do Centro.

FUNCIONS DE COORDINADOR/A DO CURSO

1. Valorar as guías docentes das materias do curso e realizar propostas de axuste e modificacións.
2. Valorar a relación entre resultados de aprendizaxe, actividades formativas e métodos de avaliación das materias do curso.
3. Coordinar o desenvolvemento dos contidos.
4. Coordinar a carga global de traballo do estudiante.
5. Recoller as demandas de formación do profesorado do curso.
6. Elaborar propostas de mellora

FUNCIONS DE COORDINADOR/A DE ESTADÍAS CLÍNICAS

1. Valorar as guías docentes das materias con actividade práctico- clínica e realizar propostas de axuste e modificacións..
2. Valorar a consecución de resultados de aprendizaxe segundo o nivel de formación, a súa relación coas actividades formativas e os métodos de avaliación.
3. Coordinar a planificación da actividade práctico-clínica segundo os niveis de formación.
4. Coordinar a utilización dos recursos dispoñibles.
5. Coordinar a xestión de incidencias no desenvolvemento da actividade práctico-clínica.
6. Recoller as demandas de formación do profesorado das materias con actividade práctico- clínica.
7. Elaborar propostas de mellora